

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 01-12-2025, ditou a resolución con número 3693/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento do tribunal cualificador e datas da fase de concurso, do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de docentes para impartir accións formativas do sistema de formación profesional do grao C que se desenvolvan no centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000014 - 2025/G003/003820

Por Resolución da Alcaldía núm.3022/2025, do 20 de outubro de 2025, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de docentes para impartir as accións formativas do Sistema de Formación profesional do Grao C que se desenvolvan no Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo e que se detallan a continuación:

- Cociña (HOTR0408).
- Operacións básicas de cociña (HOTR0108).
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo "TIG" (FMEC0219_2).
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo "MIG MAG" (FMEC0119_2).
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208).
- Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208).

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 208 do 30/10/2025. De conformidade co disposto na base cuarta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. O dito prazo rematou o 13/11/2025.

Publicouse anuncio da aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antedito o día 25/11/2025 no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo. De conformidade co disposto na base Quinta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de emendas foi de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo. O dito prazo rematou o 27/11/2025.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na Base Quinta (*Listaxe de admitidos/as. Data e lugar de celebración do exercicio da oposición*) e na base Sexta (*Tribunal Cualificador*) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas (**Anexo I**) e excluídas (**Anexo II**) no proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de docentes para impartir as accións formativas do Sistema de Formación profesional do Grao C que se desenvolvan no Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo e que se detallan a continuación:

- Cociña (HOTR0408).
- Operacións básicas de cociña (HOTR0108).
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo "TIG" (FMEC0219_2).
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo "MIG MAG" (FMEC0119_2).
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208).
- Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208).

Segundo.- Designar o tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: **D^a. Milagros Antelo Cameán**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
Suplente: **D. Jose Facal Fariña**, Xefe do Servizo de Proxectos, Obra Pública e Infraestrutura do Concello de Carballo.

Vogais:

- Titular 1º: **D^a. Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de administración do concello de Carballo.
Suplente 1º: **D^a. Carmen Del Río Rodríguez**, Técnica de administración do Concello de Carballo.
- Titular 2º: **D^a. Ana Carmen Jiménez Mosquera**, Axente de desenvolvemento local do concello de Laracha.
Suplente 2º: **D^a. María Dolores Serrano Bolón**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
- Titular 3º: **D. Juan José Lorenzo Pose**, Director do Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.
Suplente 3º: **D^a. Lorena Castrillón Manso**, Enxeñeiro técnico industrial do Concello de Carballo.

Secretaria/o:

- Titular **D. Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.
Suplente: **D^a. M^a Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Convocar a todos os membros do tribunal cualificador para a **constitución do tribunal** e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** (valoración de méritos), que terá

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/E001/000014
Exp. 2025/G003/003820

lugar o **martes 2 de decembro de 2025 ás 12:00 h.** no Salón de Xuntas do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Cuarto.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na web municipal (www.carballo.gal).

CVD: j0X3Riw+q0Rz+Pk8GQRD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

ANEXO I.

Listaxe definitiva de persoas admitidas do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de persoal para a cobertura temporal de prazas de docentes para impartir accións formativas do sistema de formación profesional do Grao C do Concello de Carballo.

Acción formativa: Cociña (HOTR0408).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	RAMOS GALLEGO	FRANCISCO	***3450**
2	RODRIGUEZ LOPEZ	ANA MARIA*	***0651** (1)
3	TRIGO OSENDE	MARIA BELEN	***2157**
4	VAZQUEZ PEDREIRA	TAMARA	***8742**

(1) Non acredita o coñecemento de lingua galega (Celga 4).

Acción formativa: Operacións básicas de cociña (HOTR0108).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BOLÓN RIEIRO	VICTOR SANTIAGO	***9478**
2	CAMPOS SANCHEZ	CARMEN MARIA	***1243**
3	RAMOS GALLEGO	FRANCISCO	***3450**
4	RODRIGUEZ LOPEZ	ANA MARIA*	***0651** (1)

(1) Non acredita o coñecemento de lingua galega (Celga 4).

Acción formativa: Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo "TIG" (FMEC0219_2).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MARROZOS BLANCO	CRISTIAN*	***9977** (1)
2	PERISCAL IGLESIAS	EVARISTO JESUS*	***1164** (1)

(1) Non acredita o coñecemento de lingua galega (Celga 4).

Acción formativa: Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo "MIG MAG" (FMEC0119_2).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	DIAZ GARCIA	ALBERTO	***2604**
2	MARROZOS BLANCO	CRISTIAN*	***9977** (1)
3	PERISCAL IGLESIAS	EVARISTO JESUS *	***1164** (1)

(1) Non acredita o coñecemento de lingua galega (Celga 4).

Acción formativa: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CAL CRESPO	ANA MARIA	***6328**
2	MORAN GABALDON	MARIA TERESA*	***8408** (1)
3	REY GOMEZ	RICARDO	***0460**
4	VARELA CASTRO	HELENA	***5500**
5	VÁZQUEZ RODRIGUEZ	MARIA JOSE	***1561**

(1) Non acredita o coñecemento de lingua galega (Celga 4).

Acción formativa: Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	QUEIJO REY	JOSE ANDRES	***3074**

ANEXO II.

Listaxe definitiva de persoas excluídas do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de persoal para a cobertura temporal de prazas de docentes para impartir accións formativas do sistema de formación profesional do Grao C do Concello de Carballo.

Acción formativa: Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo "TIG" (FMEC0219_2).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión
1	VILA RIAL	JUAN MANUEL	***4404**	(a)

Motivos de exclusión:

(a) Non achega o xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de vinte catro euros (24,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales